




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Aldán e Costa da Vela. Municipio: Cangas. Parroquias: San Cibrán de Aldán ao norte e Santo André de Hío no sur. Extensión: 2,88km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Pequena enseada no fondo da Ría de Aldán con presenza de depósitos sedimentarios relacionados coa dinámica fluvio-mariña. A liña de costa está formada no seu extremo oriental polo complexo areoso intermareal e praia de San Cibrán, na desembocadura do Río do Fial, mentres que o resto da franxa costeira está ocupada principalmente pola praia dos Picos. Corredor tectónico de fondo plano na parte traseira do complexo sedimentario dos Picos que contacta coa unidade costeira da Enseada de Liméns na veciña Ría de Vigo. Cara ao leste desenvólvese o val do curso baixo do Río do Fías de pendente suave na súa parte central e moderada nas ladeiras que o circundan e que culminan a menos de 200m snm, nas estremeiras do Outeiro da Raposa.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Os sedimentos cuaternarios localízanse no fondo da Enseada de Aldán en forma de sedimentos areosos de praia; pero os depósitos coluvio-aluviais prólonganse cara ao nordeste e cara ao sueste asociados aos vales dos principais cursos fluviais, respectivamente o regato Orxás e un dos seus afluentes dende o sur. Estes tramos de depósitos cuaternarios aséntanse preferentemente sobre granodioritas con megacristais feldespáticos, limitados tanto ao oeste como ao leste por granitos de feldespato alcalino. Estes últimos presentan facies de gran medio a fino no sueste da unidade. Outro elemento litolóxico destacable é a presenza de granitos e granodioritas biotíticos que ocupan unha banda de NO.-SE., ao leste da Enseada de Aldán.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Réxime ombrotérmico Cálido e Húmido; temperatura media anual por encima de 15°C, oscilación térmica media entre 12,5°C e 13,5°C e precipitacións medias que alcanzan valores entre 1200mm e 1400mm ao longo do ano. No Outeiro da Raposa rexístranse maiores precipitacións, entre 1400mm e 1600mm, polo que este sector forma parte do domino climático Cálido e Moi Húmido.

OS SOLOS

Arenosoles álbicos e háplicos na franxa costeira da unidade asociados ás praias de San Cibrán e dos Picos. A vertente está composta por cambisoles dístrico-úmbricos e eútricos fundamentalmente na parte central da cunca onde a pendente é escasa e os solos poden alcanzar maior espesura. Porén, nas ladeiras do Outeiro da Raposa e do Monte Castro fórmanse regosoles e leptosoles líticos de perfil esquelético que soportan usos forestais.


AS AUGAS

O Porto de Aldán, no centro das Augas Costeiras da Ría de Aldán (20164) recibe as contribucións fluviais do río do Fial, que ao igual que o seu afluente, o regato Orxas, nace na Serra da Madalena, formando unha liña paralela á costa ao leste da unidade.

O PATRIMONIO NATURAL

Pertence ao IBA Entorno mariño das Rías Baixas. Unidade de fondo de estuario que recolle, como é habitual a importancia dos hábitats 1110 e 1140, bancos areosos e/ou lameiras intermareais e submareais pouco profundas, propios destas unidades. A Praia dos Picos contén un pequeno sector dunar moi degradado (grupo 21 de dunas marítimas atlánticas). Na horizontalidade da chaira costeira tras a Praia dos Picos, desenvólvese unha masa de dominio ripícola (91E0) de algo menos de 7,5ha. Non é o único arborado de interese, pois son interesantes as masas mixtas con interesantes sectores de especies autóctonas de fundamento ripícola dos regatos Orxás e do Feal, en especial a próxima ao Pazo Torre de Aldán. Por último, non faltan as agrupacións de recolonización en diferentes zonas de cultivo da unidade. Na parte alta do sector sueste da unidade é posible observar afloramentos rochosos que suman os ambientes do grupo 82 de hábitats, pendentes rochosas con vexetación casmofítica.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Na unidade coexiste unha gran diversidade de usos. Nas zonas montañosas do fondo da unidade predominan as masas arboradas, mesturándose zonas de árbores de repoboamento con masas mixtas. Tanto a zona nordeste da unidade, onde nos encontramos un vale formado polo Río Orxas, como a zona sudoeste onde se asenta o núcleo de O Igraxario (pertencente á parroquia de Hío), intercálanse os terreos de cultivo, as masas de vexetación ripícola e os bosques de carballo con asentamentos de carácter residencial. Sobre a franxa costeira onde se asentan os núcleos tradicionais da Espiñeira, San Cibrán e Vilaríño (parroquia de Aldán), as praias dos Picos, San Cibrán e Vilaríño constitúen excelentes areas para o goce das actividades turísticas e de lecer. En xeral o uso máis destacado na unidade é o marisqueiro que se desenvolveu na comarca grazas aos profusos bancos marisqueiros da Enseada de Aldán.

MORFOLOXÍA

A rede de asentamentos da unidade caracterízase pola superposición sobre o modelo de organización tradicional dos novos crecementos residenciais, formando un continuo en diseminado. Os núcleos tradicionais como A Espiñeira, Vilaríño e San Cibrán (todos eles Núcleos de Identidade Litoral) aséntanse na fachada costeira conformando un continuo edificatorio ao longo das estradas principais, debido á expansión que experimentaron. Os novos crecementos teñen un carácter unifamiliar de segunda residencia e aséntanse de forma dispersa por todo o territorio, sobre todo en torno á franxa costeira e ao longo das vías de comunicación. Este crecemento dos núcleos tradicionais propiciou que aparezan novos equipamentos, como un Colexio público e un campo de fútbol asociados ao núcleo do Igraxario, tamén NIL e ao Colexio de Espiñeira.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada PO-315 atravesa o ámbito cunha traza sensiblemente paralela á costa, adaptándose ás características orográficas. Entra dende o val formado polo regato Orxas por O Piñeiro, punto de conexión coa unidade prelitoral, pasa por San Cibrán e Vilaríño e continúa polo val de fondo plano conformado polos Montes de Varalonga e Castro cara a Cangas. Dende esta vía principal parten tres estradas que organizan o territorio. A primeira une o núcleo de San Cibrán co Porto pesqueiro, as outras dúas, a EP-1004 e EP-1005, parten desta e conflúen no núcleo do Igraxario onde se unen á EP-1008 que percorre a fachada costeira nordeste da Ría de Aldán. No resto do territorio a rede viaria é tupida, potenciada pola necesidade de abastecer un tecido construído moi disperso.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Son numerosos os elementos patrimoniais catalogados. De entre os xacementos arqueolóxicos, destacan o Castro de Erbelo e dous sarcófagos atopados en San Cibrán e O Igraxario. Respecto ao patrimonio arquitectónico relixioso destacamos a igrexa parroquial de San Cibrán e sobre todo a igrexa de San Andrés destino de peregrinación ata mediados do século pasado, onde ademais se atopa unha das grandes marabillas do patrimonio etnográfico de Galicia, o Cruceiro de Hío. De entre os exemplos de arquitectura civil pódese subliñar o Pazo de Torre na parroquia de San Cibrán e o Pazo de Vistalegre. Un exemplo da arquitectura industrial vinculada co carácter mariñeiro da unidade é a fábrica de salgadeira próxima á praia de Vilaríño, hoxe en día reconvertida en vivenda.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

O carácter rural da unidade vén determinado pola súa relación co sector primario baseado na pesca e marisqueo. A súa estrutura actual vese influenciada polo interese turístico que ofrecen as súas praias e o valor natural da comarca, así como a súa proximidade co núcleo urbano de Cangas que exerce de motor económico. Os novos asentamentos substitúen o uso das parcelas destinadas ao cultivo por vivendas que se dispersan buscando a accesibilidade e facilidade nos desprazamentos coa mellora da rede viaria co fin de satisfacer a demanda do sector turístico.

DINÁMICA DA PAISAXE

A característica máis destacada na evolución destas paisaxes é a aparición dun gran número de vivendas dispersas polo sudoeste da unidade, sobre todo de carácter turístico e o gran desenvolvemento dos seus núcleos tradicionais ao redor das vías de comunicación e conformando un continuo edificatorio sobre a liña de costa. Todas estas novas vivendas ocupan parcelas que antigamente estaban dedicadas a labores tradicionais. Debido ao crecemento edificatorio anteriormente citado aparecen novos equipamentos para dar servizo á nova poboación e hai unha ampliación da rede viaria, que se apoia nos camiños tradicionais que daban servizo ás parcelas de cultivo. En canto ás zonas máis elevadas da unidade apréciase un aumento das masas arbóreas.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Destaca nesta unidade a silueta marítima da enseada de Aldán, protexida polo Cabo Udra e Punta Couso. O potencial ecolóxico da unidade vén determinado principalmente pola presenza de bancos areosos e lamacentos intermareais na desembocadura do río do Fial. Este harmonioso conxunto vese acompañado da tranquilidade do entorno e da beleza das súas praias que esconden bancos de gran riqueza en marisco da ría, as augas que bañan estas praias son tranquilas e cristalinas aptas para o baño e o gozo dunha paraxe natural de singular beleza. O principal valor ecolóxico do interior son os bosques de ribeira dos cursos fluviais principais, destacando unha importante masa na chaira costeira tras a praia dos Picos. Esta chaira, ademais, forma parte dun val de fondo plano que actúa de corredor funcional entre a ría de Aldán e a ría de Vigo. dende a praia dos Picos obtense unha ampla panorámica de toda a ría de Aldán e dende O Con ofrece una visual dos elementos de maior significado da paisaxe, nun primeiro plano toda a fachada litoral formada polo complexo areoso intermareal e as súas praias seguidas da paisaxe humana e como fondo escénico os montes limítrofes da unidade.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



